

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

Rosa Mouzo Villar / Irene Santos Raña / Raquel Vila Amado (2015): “*Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*”. *Gallæcia – III Congreso Internacional de Lingüística Histórica*. Universidade de Santiago de Compostela, 27-30 xullo 2015.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:


- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

ATLAS LINGÜÍSTICO GALEGO (ALGa)

Rosa Mouzo Villar, Irene Santos Raña e Raquel Vila Amado

O *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*, dirixido por Constantino García e Antón Santamarina, é un proxecto fundacional do Instituto da Lingua Galega que describe a riqueza da variación xeográfica do galego moderno.

Os datos foron recollidos por Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei e Manuel González entre 1974 e 1977 en 167 puntos do dominio lingüístico galego.



O instrumento de recollida de datos foi un cuestionario formado por 2.711 preguntas enfocadas á obtención de información fonética, morfolóxica, léxica e sintáctica. O promedio de formas anotadas por localidade é de ata 4.000. A información recompilada introduciuse nunha base de datos de case medio millón de rexistros na que se inclúen as respostas e outra información complementaria.

Resultados

A elaboración e edición dos materiais do *ALGa* deu lugar á publicación de diversos volumes. O primeiro deles, *Morfoloxía verbal*, publicouse en 1990. Posteriormente verían a luz os volumes de *Morfoloxía non verbal* (1995), *Fonética* (1999), *Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico* (2003), *Léxico. O ser humano (I)* (2005) e *Léxico. Terra, plantas e árbores* (2014).




Na actualidade estase traballando na elaboración dos tres seguintes volumes sobre o léxico do ser humano (II), da agricultura e dos animais. A publicación destes traballos está prevista para os próximos anos.

No enderezo <http://ilg.usc.es/indices/> pódense consultar as formas indexadas nos volumes publicados.





Tratamento dos datos

A edición dos materiais ten como obxectivo ofrecer un mapa coa súa lenda correspondente para cada ítem. O mapa obtense de forma automática mediante a vinculación da base de datos cun programa de xeorreferenciación: ArcMap. As lendas, elaboradas coa aplicación informática de maquetación Page Maker (Adobe), serven para interpretar o mapa e para poñer toda a información a disposición do usuario.



Nas lendas inclúense as respostas que se reflicten no mapa e o aparato de notas. As respostas agrúpanse atendendo a criterios de frecuencia de uso, de vinculación etimolóxica ou de motivación, entre outros. As notas recollen toda a información complementaria: fonética, fraseolóxica, semántica, gramatical, de uso etc. Se a información é demasiado abundante ou excesivamente complexa, distribúese en dous ou máis mapas.

Mapas



Membros do equipo: Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei, Manuel González, Francisco Dubert, Xulio Sousa, Ana García, Rosa Mouzo, César Osorio, Irene Santos Raña e Raquel Vila Amado